



Nota de prensa do 03.01.2012

PRESENTACIÓN DA CAMPAÑA: “ESCOLA SEN WIFI”

A APDR presentará na rúa a campaña “escola sen Wi-Fi” coa entrega de globos e folletos informativos na Praza da peregrina este mércores 4 ás 18,30h e o xoves 5 ás 12h. A APDR participa desta campaña que se está a desenvolver a nivel estatal como membro da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética. A campaña disporá a nivel galego dun soporte web (<http://www.apdr.info/escolasenwifi.htm>) onde se facilita a información dispoñíbel.

A campaña, que se divulgará á comunidade escolar dos diferentes centros de ensino galegos, baséase nas alertas que se están a dar dende a comunidade científica e distintas institucións europeas ao que se suma a clasificación pola OMS das radiacións das tecnoloxías sen fíos como posíbeis canceríxenos en xuño de 2011.

No proceso de informatización das aulas do Programa Abalar da Xunta de Galicia, esta campaña avoga por aplicar a recomendación do 25.05.2011 do Consello de Europa aos seus estados membros **de primar nas aulas a conexión a internet por cable [sen WiFi]**, evitando o uso do móbil no recinto escolar, ante o maior risco de efectos biolóxicos potencialmente nocivos desta electropolución na infancia e mocidade .

A infancia e a mocidade considéranse grupos máis vulnerábeis a este tipo de radiacións pola maior penetración no cráneo, por estar o seus órganos en desenvolvemento e polos seus efectos acumulativos cun risco potencial maior na exposición precoz. Ao crecemento exponencial dá contaminación electromagnética en tódolos ámbitos da vida súmase gratuitamente unha exposición no ámbito escolar que se chegase ás seis horas por día, suporía 132 horas ao mes ou 1.188 cada ano. A tecnoloxía Wi-Fi pode expor na escola a esta poboación máis vulnerábel a uns picos de radiación superiores aos de falar cun móbil ou a da exposición a unha antena de telefonía próxima.

Xa en xaneiro de 2011 a Federación Ecoloxista Galega solicitou unha entrevista á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ante a implantación da conexión a internet por vía Wi-Fi, nas aulas de 5º de Primaria e 1º da ESO seleccionadas no Proxecto Abalar, por non aplicar o Principio de Cautela de minimizar a exposición á contaminación electromagnética xa proposta pola Resolución do Parlamento Europeo de 2009.

Alternativa:

Esta contaminación gratuíta pódese evitar de forma moi sinxela coa implantación da conexión a internet por cable: ademais de non producir radiacións nin supoñer ameaza algunha para a saúde, ofrece unha conectividade moito máis rápida, segura e eficaz.